

EROSKI PECHA O EXERCICIO 2018 DE NOVO CON RESULTADOS POSITIVOS

- **O beneficio operativo do grupo encadea o seu oitavo ano de mellora e medra máis dun 19% respecto ao 2017**
- **O *ebitda* alcanza os 250,7 M€, un incremento de 9 M€ respecto ao exercicio anterior**
- **A cooperativa matriz, EROSKI S.Coop., alcanza os 13,9 M€ de beneficio**
- **Incorpora 58 novas tendas e consolida o seu plan de transformacións ao modelo comercial "contigo" superando os 670 establecementos de nova xeración**

Elorrio, 23 de maio do 2019.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do exercicio 2018, a 31 de xaneiro do 2019, cun resultado positivo. O seu beneficio ao peche alcanza os 1,6 millóns de euros, afectado polos resultados extraordinarios de valoracións de activos e polos gastos derivados da modificación da norma contable de instrumentos financeiros. Non obstante, o beneficio operativo continuou a mellorar no 2018, por oitavo ano consecutivo, ata os 163,6 millóns de euros, o que supón un crecemento do 19,1% sobre o exercicio anterior. Tamén o seu *ebitda* mellora e medra 9,1 millóns de euros ata alcanzar os 250,7 millóns de euros. Esta evolución favorable responde principalmente aos logros alcanzados en diversos proxectos para a mellora da eficiencia e produtividade, a transformación e renovación da rede comercial e é bo indicador da saúde do negocio.

As aperturas e as transformacións, clave no impulso das vendas

Durante o exercicio 2018 o grupo EROSKI continuou co plan de transformacións da súa rede comercial ao modelo "contigo" que caracteriza as súas tendas de nova xeración e que son xa máis de 670 establecementos, que superan o 70% das vendas alimentarias do grupo.

As vendas do grupo ascenderon a 5.393 millóns de euros, un 2% menos ca no 2017, derivado da redución do perímetro. É salientable o crecemento en vendas en todas as rexións nas que se transformou a rede ao modelo comercial "contigo"; particularmente, destaca o crecemento do 1,3% das vendas en País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares, rexións que contan cunha rede amplamente transformada. Froito do bo comportamento que está a ter o devandito modelo, EROSKI reforzou o seu liderado na zona Norte Centro e Norte Oeste, onde concentrou ata agora a transformación da súa rede, que, ademais, complementou con aperturas de tendas propias e franquizadas que afianzan a súa posición. Concretamente, o grupo inaugurou 58 novas tendas no 2018, 37 franquías e 21 tendas propias -5 supermercados, 4 gasolineras, 4 axencias de viaxes e 8 tendas de deporte FORUM SPORT e a súa nova insignia DOOERS-. O investimento no 2018 ascendeu a 95 millóns de euros, entre propio e franquiado.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

No exercicio 2018, EROSKI reduciu 187 millóns de euros a súa débeda financeira. Dende o 2010 a amortización de débeda alcanzou case os 1.800 millóns de euros, cumprindo con todos os compromisos adquiridos coas entidades financeiras. O pasado marzo do 2019 EROSKI chegou a un acordo de refinanciamento coas principais entidades bancarias, que representan a maior parte da súa débeda; este acordo prevese espallalo ás outras entidades financeiras acreedoras nos vindeiros meses. Despexa así o seu horizonte financeiro para o desenvolvemento do seu plan de negocio, centrado na transformación da súa rede e na achega de solucións que faciliten un consumo de alimentación máis saudable e máis responsable.

EROSKI conta con 6 millóns de Socios Clientes, titulares de tarxetas EROSKI Club, CAPRABO e FORUM SPORT. Durante o 2018, o Grupo transferiulles aos seus clientes 302 millóns de euros de aforro a través de ofertas e promocións cada vez máis personalizadas.

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S.COOP. continuou coa senda de resultados positivos dos últimos exercicios e pechou o 2018 cun beneficio de 13,9 millóns de euros, un 6,6% máis ca no 2017. As súas vendas tamén medraron ata os 1.741 millóns de euros, o que supón un incremento do 1,3% sobre o exercicio anterior.

Liñas extractadas da CONTA DE RESULTADOS CONSOLIDADA GRUPO EROSKI En millóns de euros		
	31/01/2019	Ev sobre ano anterior
VENTAS NETAS (SEN IVE)	4.698,07	98%
EBITDA	250,7	103,8%
BENEFICIO OPERATIVO *	163,62	119,1%
RESULTADO ANTES DE FINANCEIROS E IMPOSTOS	120,73	103,6%
RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS	1,59	4,8%

* Antes de deterioracións, resultado de vendas de inmovilizado, actividades non correntes, financeiros e impostos.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.652 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasoleiras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquiadados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)